

FORMACIÓN CONTINUADA

A formación continuada dos profesionais do Sistema público galego de saúde é unha prioridade para a ACIS. A **actualización permanente das competencias** para a práctica sanitaria é imprescindible para acadar o noso obxectivo esencial: mellorar o coidado dos pacientes a través do coñecemento.

Os principios que rexen a xestión da formación continuada por parte da Axencia de Coñecemento en Saúde son:

- Diseñar e renovar de maneira continuada unha oferta de actividades que acheguen valor aos profesionais de todas as áreas e especialidades a través de **coñecemento aplicable á súa práctica diaria**.
- Manter aberta con carácter permanente unha canle de comunicación cos profesionais para recoller as súas **demandas de formación** co obxectivo de que esta responda efectivamente ás súas necesidades.
- Mellorar a capacidade de todos os profesionais, independentemente das súas funcións, para **a xestión, a adaptación e o liderado** nos procesos de transformación que permiten que o sistema de saúde evolucione de forma áxil e efectivo.
- Incrementar a **calidade e a competitividade** do conxunto do sistema de saúde a través da mellora da produtividade e das competencias de cada un dos seus profesionais.
- Intensificar a **motivación e o nivel de compromiso** das persoas que traballan ao servizo do sistema sanitario.

GUÍAS DE ACTIVIDADES FORMATIVAS

Resolución coa convocatoria e coas bases para o ano 2026

Plan AFEDAP 2026. Cursos presenciais

Plan AFEDAP 2026. Cursos de teleformación

Cursos de autoformación 2026

DIPLOMADO EN SAÚDE PÚBLICA



Autoformación



Preguntas frecuentes



Enquisa de detección de necesidades formativas 



Recursos formativos

